



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

xgl-3/2021

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 18/02/2021, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE
José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE
Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO
Marta Cajide Barbeito

ASUNTOS

- 1º.- **Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.**
- 2º.- **Actos edificación e uso do Solo.**

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:30** horas do día **21/01/2021** reúnen-se no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- **Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 21 de Xaneiro de 2021 é aprobada por unanimidade dos asistentes.

- 2º.- **Actos edificación e uso do Solo.-**

OBRAS MAIORES

- Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos dentro do Departamento Urbanístico, emisión do informe xurídico da Secretaria-Interventora de datas 5/02/2021 e 18/02/2021 respectivamente, e demais antecedentes obrantes no expediente; **a Xunta de Goberno**



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística a :

A SOCORRO INSUA GÓMEZ, veciña de Fisterra para proceder á realización de obras de **Construción dun Almacén de Apeiros de Labranza** (Referencias Catastrais 15038A021012110000FA, 15038A021012120000FB e 15038A021012130000FY) debendo axustarse na súa totalidade ó **Proxecto Básico e de Execución e documentación complementaria**, redactados polo Arquitecto Técnico Basilio Canosa Díaz que constan no expediente; **condicionada a que:**

- O estudo xeotécnico débese acometer na fase inicial de proxecto e en calquera caso antes de que a estrutura estea totalmente dimensionada, o que deberá acreditar antes ou simultaneamente á solicitude de primeira utilización da edificación.
- O terreo de cesión correspóndese 24,00 m² e de 241 m² para ampliación de viario con código 262 e da AC-445 respectivamente, polo que deberá presentarse esta cesión mediante documento público.
- O terreo comprendido entre a liña de cesión e a vía debe quedar explanado completamente á cota (rasante) da mesma.
- O inicio das obras deberá comunicarse ao concello e que en todo caso terá lugar no prazo de seis meses desde a data de outorgamento da presente licenza xa que o seu incumprimento determinará o inicio do expediente de declaración de caducidade segundo o art. 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
- Unha vez rematadas as obras será necesario a presentación do certificado final de obra visado no que conste que as obras están completamente rematadas co fin de acadar a licenza de primeira utilización da edificación.
- En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra disporase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:
 - **EXPEDIENTE** : 2020/U022/000020
 - **LICENZA URBANÍSTICA** : Xunta de Goberno Local 18/02/2021
 - **ORDENANZA DE APLICACIÓN** : Núcleos Rurais Tradicionais nas áreas consolidadas pola edificación (NRT)



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- **PROMOTORA: SOCORRO INSUA GÓMEZ**
- **CONSTRUTOR: -----**
- **DIRECTOR DE OBRA: Basilio Canosa Díaz .**
- **NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS: 1**
- **USOS: Almacén para apeiros**

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Deberá ingresar nas arcas municipais a cantidade de **TRESCENTOS TRES EUROS CON OITO CÉNTIMOS (303,08 €)** en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras en base á aplicación do 2,2 % previsto na Ordenanza fiscal reguladora do mesmo sobre un Presuposto de execución material de Trece mil setecentos setenta e seis euros con vinte nove céntimos (13.776,29 €).

A JOSÉ GERMÁN MARTÍNEZ VILELA, veciño de Fisterra para proceder ás obras de construción dun muro de contención a emprazar nunha parcela (Referencia Catastral 8206108MH7580N0001AT) debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto e documentación de datas 21/12/2020 e 18/02/2021 respectivamente, redactada polo Arquitecto Técnico José Baliña Romero e que consta no expediente; así mesmo deberá:

-- Antes do inicio das obras solicitarase polo interesado na área de Urbanismo do Concello de Fisterra, que se fixe sobre a parcela a alineación e o retranqueo do peche con respecto ao vial público.

• En aplicación do artigo 24 da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos do uso do solo, subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos do Concello de Fisterra dispórase a pé da obra un cartel indicador que se sexa visible dende vial público, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co seguinte contido:

- **EXPEDIENTE : 2021/U024/000001**
- **LICENZA URBANISTICA : Xunta de Goberno Local 18/02/2021**
- **ORDENANZA DE APLICACIÓN : Solo de Núcleo Rural (SNR-Cm-2)**



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-- **PROMOTOR:** José Germán Martínez Vilela

-- **CONSTRUTOR:** -----

-- **DIRECTOR DE OBRA:** José Baliña Romero.

-- **NÚMERO DE PRANTAS AUTORIZADAS:**

-- **USOS:**

O Cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo branco e texto negro perfectamente visible.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de seis meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo, o de terminación de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior ó de seis meses.

Este acordo adoptáse sen a presenza da Concelleira Soledad Vilela Romero pola razón de parentesco co solicitante.-

COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **AGUSTÍN OLVEIRA BENLLOCH**, veciño de Fisterra (R.E. Telm. 55 de 21/01/2021) para proceder ás obras consistentes de conservación da cuberta dunha edificación (Referencia Catastral 8611406MH7581S0001YU),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 2 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **MARÍA DE LOS ÁNGELES LEMA CASTRO**, veciña de Fisterra (R.E. 743 de 14/05/2020) para proceder ás obras consistentes na construción dun alpendre de 5 m x 6 m para garda de leña (Referencia Catastral 000503000MH75F0001IL), debendo axustarse ás seguintes condicións:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- A construción deberá gardar a separación mínima co lindeiro de 5 metros esixido polo artigo 39 da LSG.
- Con respecto ás condicións tipolóxicas da construción os muros de bloque deberanse enfoscar e pintar no mesmo color que a vivenda existente.

Así mesmo deberá cumprir as condicións indicadas na Resolución Favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 23/12/2020 que se indican:

- Os elementos de soporte ou impermeabilización da cuberta, coma as viguetas e placas de fibrocemento, non poderán resultar visibles desde o exterior do apendre. Os beirados da cuberta serán de escasa entidade, no podendo superar o seu voo os 20 cm.
- Os muros de fábrica de bloques de formigón recebaranse e pintaranse por ambas caras. Para o enfoscado empregárase un morteiro de acabado liso e mate, non pulido, sen texturas decorativas nin árido engadido visible. Recoméndase que o seu espesor alcance o 1,5 cm, para evitar o “espectro de xunta”
- Para o pintado dos muros, empregárase unha cor que armonice coa edificación existente na contorna, cor escollida de entre as recomendadas para a zona na ficha R06 do Tomo IX: GAP Chairas e fosas occidentais da Guía de Cores e Materiais de Galicia, en acabado mate.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 2 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-**

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **CÁNDIDO SUÁREZ FÁBREGAS**, veciño de Fisterra (R.E. 1987 de 27/10/2020) **para proceder ás obras consistentes na instalación dunha piscina prefabricada a emprazar na finca (Referencia Catastral 8112602MH7581S0001MU), debendo cumprir as condicións indicadas na Resolución Favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data 22/01/2021, que se indican:**



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

- O vaso da piscina será de cor beis ou verdosa, de xeito que confira á lámina de auga una coloración da gama dos verdes e grises. Evitarase, en calquera caso, as tonalidades azuis ou as cores intensas e rechamantes.
- As superficies pavimentadas procurarán a menor dimensión posible, e acabaranse de cores neutras e mate, da maga dos beis, gris ou marróns pouco saturadas.
- O sistema de depuración disporase preferentemente soterrado, integrando as tampas e arquetas cos pavimentos que rodeen o vaso da piscina. De ser necesaria a construción de novos volumes sobre a rasante da parcela, deberase achegar una nova solicitude á DXPC, describindo detalladamente a súa posición e dimensións, e os materiais, acabados e cores a empregar.
- De incorporar calquera elemento metálico ó exterior, como escadas, duchas, varandas etc, Terán un deseño discreto en acabado mate.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 27 de Xaneiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **EVA MARÍA SENLLE BUITURÓN**, veciña de Fisterra (R.E. 144 de 19/01/2021) **para proceder ás obras consistentes na substitución da bañeira de baño existente por prato de ducha nunha vivenda (Referencia Catastral 1547911MH8514N0002TS)**,

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 26 de Xaneiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte da **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS FARO FISTERRA**, con CIF H70214184 e domicilio social na Avenida Anchoa, 99 deste Termo Municipal (R.E.Telmt. 21de 18/01/2021) **para proceder ás obras consistentes na impermeabilización da fachada dunha edificación** (Referencia Catastral 8626701MH7582N), condicionada a:

- No acabado exterior da edificación empregárase a mesma cor existente para armonizar co resto da fachada.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 26 de Xaneiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- A **UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.** con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008) para proceder á conexión a RBT para subministro de rede de baixa tensión subterránea con total canalización proxectada de 14 metros a emprazar nunha parcela de Referencia Catastral 15038A502012450000DK, sita na localidade de Escaselas deste Termo Municipal, debendo axustarse na súa totalidade ó Proxecto redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Antonio J. Sabín Vázquez, condicionada a:

-- Informar do día do comezo das obras mediante escrito polo Rexistro Xeral de Entrada do Concello.

-- Os materiais empregados na execución da obra deberán ser recollidos e retirados en colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.

-- Repoñerese ao estado inicial o pavimento afectado coas mesmas calidades e materiais, para o cal presentárase en concepto de garantía provisional, **Aval Bancario por importe de novecentos euros (900,00 €)** para garantir a reposición da urbanización afectada.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

-- Seis euros con oitenta e cinco céntimos (6,85 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

-- Cincuenta euros con vinte e un céntimos (50,21 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 26 de Xaneiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de ROBERTO CANOSA DOMÍNGUEZ, veciño de Fisterra, (R.E. 186 de 25/01/2021) para proceder ás obras consistentes na colocación de pavimento pulido no acceso á vivenda (Referencia Catastral 15038A50200437000DX),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 3 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de SONIA VAAMONDE SANTAMARÍA, veciña de Fisterra (R.E. Telmt. 450 de 17/12/2020) para proceder ás obras consistentes no Acondionamento Interior dun Local para Actividade de Masaxe e Estética, emprazado na (Referencia Catastral 8505310MH7580N0001RT), debendo axustarse ó Proxecto Técnico redactado polo Arquitecto Técnico Basilio Canosa Díaz de data Decembro de 2020, que consta no expediente.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 3 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais; condicionada a que una vez rematadas as obras :

- **Presentarase Comunicación Previa para Apertura do Establecemento sen máis requisitos que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa que amparou a obra realizada.**

O Decreto 106/2015 de 9 de Xullo, sobre contaminación acústica de Galicia establece no seu artigo 11 que:

“1. As persoas titulares de actividades que se pretendan desenvolver en edificacións deberán dispoñer, con carácter previo ao inicio da actividade, dun informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en que se pretenda desenvolver a actividade que, partindo da clasificación de actividades recollida na alínea A) do anexo acredite o cumprimento dos valores de illamento indicados na alínea B) do mesmo anexo. O devandito informe deberá ser presentado ante o concello en que radiquen os locais nos cales se pretenda desenvolver a actividade xunto coa comunicación previa prevista no artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, ou xunto coa solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva.

2. Este informe incluírá os seguintes aspectos:

a) Illamento entre a actividade e as vivendas lindeiras co local (DnT 100-5000 Hz e DnT 125 Hz) e niveis de recepción interna nas vivendas lindeiras derivadas do funcionamento no local emisor e o tempo de reverberación.

b) Illamento acústico de fachada (D2m,nT 100-5000 Hz).

c) Nivel de ruído de impactos (L'nT 100-5000 Hz).

3. Non será obrigatoria a achega do informe previsto nos puntos anteriores deste artigo no caso de que as persoas titulares das actividades fagan constar expresamente, no momento de presentar a comunicación previa ou a solicitude de licenza de actividade, cando esta sexa preceptiva, que as devanditas actividades producirán un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario, a 75 dB, ou a 70 dB no caso de que se desenvolvan en áreas acústicas clasificadas como sectores do territorio con predominio de solo de uso sanitario, docente e cultural que



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

requira especial protección contra a contaminación acústica en aplicación do artigo 7 da Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído. Isto enténdese sen prexuízo dos labores de comprobación que posteriormente efectúe a Administración local.”

En base ao dito con anterioridade presentárase un informe que cumpra os requisitos indicados no artigo 12 do Decreto 106/2015 de 9 de Xullo, sobre contaminación acústica de Galicia, elaborado a partir de medicións realizadas nos locais en se se pretenda desenvolver a actividade ou presentación dunha declaración do titular que a actividade producirá un nivel sonoro igual ou inferior, en calquera horario a 75 Db.

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de JULIA MOURE NEMIÑA, veciña de Fisterra (R.E. 2423 de 23/12/2020) para proceder ás obras consistentes na retirada da tella existente, madeira da cuberta, substitución por viguetas metálicas e colocación de nova tella nunha vivenda (Referencia Catastral 8606607MH7580N0001DT), debendo axustarse ás condicións impostas pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que se indican:

- As obras non afectarán ao volume nin morfoloxía da edificación. Non poderá aumentarse en altura o cume do tellado nin modificar as pendentes das vertentes da cuberta, que deberán ser as existentes.

- Se a estrutura da cuberta existente fose de madeira, substituirase preferentemente por outra de madeira con recuperación dos elementos estruturais que estean en bo estado. En todo caso, a nova estrutura, xa sexa de madeira ou metálica, procurará manter no posible o esquema estrutural existente, apoiando nos mesmos puntos das vigas existentes (podendo colocarse apoios puntuais intermedios.

- O material de cobertura será o tradicional do lugar, a tella cerámica vermella, e coidarase que o fibrocemento baixo a tella non quede visible ao exterior. Manterase a tipoloxía e dimensións dos voos dos beirís da cuberta existentes na propia edificación.

- De colocar novos canlóns e baixantes, ou calquera outro elemento necesario para a execución do saneamento visto, terán seccións circulares sen molduras, de cobre ou cinc na súa cor natural sen brillos, ou aluminio lacado nunha cor que non destaque sobre a fachada.

- De facerse novos remates de chemineas, estes serán sinxelos, harmonizarán cos tipos tradicionais existentes na zona e terán un acabado acorde ás fachadas da propia edificación. Tamén se



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

permiten as chemineas de fundición ou aceiro cor gris escura ou negra e acabado mate. Con respecto ás caparuzas debe primar a sobriedade, podendo rematarse cunha peza horizontal de cantería ou cunha chapa horizontal de aceiro con apoios sinxelos nas esquinas.

•Garantirase en todo momento o paso seguro das/os peregrinas/os e viandantes, debendo adoptar as medidas precisas para que se transite con seguridade. O contedor de escombros situarase fóra do trazado do Camiño de Santiago para non obstruír o paso das persoas que peregrinan.”

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA DEL ROSARIO INSUA ESTÉVEZ, veciña de Fisterra (R.E. 1341 de 28/07/2020) para proceder ás obras consistentes na instalación dunha piscina prefabricada a emprazar na finca da vivenda (Referencia Catastral 002501300MH75D0001WQ).

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 8 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

Este acordo adoptáse sen a presenza do Alcalde José Marcote Suárez pola razón de parentesco coa solicitante.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de MARÍA DEL ROSARIO INSUA ESTÉVEZ, veciña de Fisterra (R.E. 1.431 de



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

11/08/2020) para proceder á realización de obras consistentes na construción dun peche de pedra de 1 metro de altura na parte frontal e de malla metálica cunha correa de formigón de 50 cm nas partes laterais e traseira dunha finca (Referencia Catastral 002501300MH75D0001WQ); tal e como esixe a Resolución favorable do Servizo de Urbanismo deberá observar necesariamente como mínimo un 80% de ocos; así mesmo:

-- Antes do inicio das obras solicitarase pola interesada na área de Urbanismo do Concello de Fisterra, que se fixe sobre a parcela a alineación e o retranqueo do peche con respecto ao vial público.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 9 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

Este acordo adoptáse sen a presenza do Alcalde José Marcote Suárez pola razón de parentesco coa solicitante.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte da **COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO ROSALÍA**, con CIF H15552102 e domicilio social na Rúa Alfredo Saralegui, 19 desta Vila (R.E. 174 de 22/01/2021), **para proceder ás obras consistentes na conservación da cuberta dunha edificación existente na citada Rúa (Referencia Catastral 8803408MH7580S0011DB),**

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 12 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **LEONCIO MARTÍNEZ MARTÍNEZ**, veciño de Fisterra (R.E. 2114 de 10/11/2020) **para proceder ás obras consistentes na reposición con**



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

formigón da parte dianteira do patio do fronte da vivenda (Referencia Catastral 001401700MH75F0001ZL),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 12 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **LEONCIO MARTÍNEZ MARTÍNEZ**, veciño de Fisterra (R.E. 2209 de 27/11/2020) **para proceder ó peche das fincas con postes de formigón e malla verde** (Referencias Catastrais 001401700MH75F0001ZL e 15038A503003710000DQ), así mesmo deberá:

- Antes do inicio das obras deberá solicitarse polo interesado na área de Urbanismo do Concello que se fixe sobre a parcela a alineación e o retranqueo do peche con respecto ao vial público.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 18 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, **acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos** de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de **LUCÍA CANOSA SUÁREZ**, veciña de Fisterra (R.E. 2215 de 30/11/2020) **para proceder ás obras consistentes no mantemento e limpeza do peche existente** (Referencia Catastral 15038A502008110000DL),

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 18 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder á promotora o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de DELFINO POMBO BUITURÓN, veciño de Fisterra (R.E. 2123 de 12/11/2020) para proceder ás obras consistentes na reparación con cemento das zonas danadas de dúas fachadas dun inmovible adxunto á vivenda (Referencia Catastral 15038A502002710000DT), condicionada a:

- Rematadas as obras deberá enfoscarse e pintar en cor branco para armonizar coa vivenda existente.

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 12 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-

-- Vista a Comunicación Previa de Obra presentada por parte de PEDRO DOMÍNGUEZ CANOSA, veciño de Fisterra (R.E. 167 de 21/01/2021) para proceder ás obras consistentes no derribo de parede e tabique de ladrillo existente no baixo dunha vivenda (Referencia Catastral 1547902MH8514N0001LA.-

Resultando que o informe emitido polo Arquitecto que presta servizos en materia urbanística determina na acta de comprobación documental de data 18 de Febreiro de 2021, que a documentación presentada para a realización das obras en cuestión está completa.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes, acorda conceder ó promotor o título habilitante para ditos actos urbanísticos de conformidade co previsto no Artigo 146.2 parágrafo 2º da Lei 2/2016 de 10 de Febreiro do Solo de Galicia; todo isto deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais.-



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

B) SEGREGACIÓN DE FINCAS.-

Examinada a petición formulada por parte de **JOSÉ CANOSA SENLLE e JUAN BAUTISTA CANOSA SENLLE**, veciños de Fisterra (Rexistro Entrada de 27/11/2020) sobre solicitude de licenza da Segregación de Parcelas (Referencias Catastrais 15038A502000550000DX, 15038A502000570000DJ e 15038A502012560001FX.-

Visto o Informe favorable emitido polo Arquitecto que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación e emisión do informe xurídico da Secretaria-Interventora de datas 4/02/2021 e 18/02/2021 respectivamente que constan no expediente; deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais,

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- Conceder Licenza a JOSÉ CANOSA SENLLE e JUAN BAUTISTA CANOSA SENLLE, para proceder á Segregación nas seguintes Parcelas:

	SUPERFICIE BRUTA M2	SUPERFICIE NETA M2	SUPERFICIE CESIÓN M2
PARCELA 55	16.610 m2	5.870 m2	132 m2
PARCELA 57		6.131 m2	
PARCELA 55-1, 55-2, 57-1, 57-2		4.477 m2	

A superficie das Parcelas, obxeto da Cesión gratuíta ó Concello mediante documento público, para apertura ou regularización do viario preciso ascende a un total de 132,00 m2.

Deberá axustarse na súa totalidade ó Proxecto de Segregación de data Novembro de 2020 redactado pola Enxeñeira Técnico Agrícola Felicitas Fernández Liñares, que consta no constan no expediente.-

De conformidade cos Arts. 11 e 13.2 do Texto Refundido da Lei do Catastro, a incorporación dos bens inmobles no Catastro Inmobiliario, así como das alteracións das súas características, é obrigatoria para que a descrición catastral dos inmobles afectados concorde coa realidade e que os titulares dos dereitos están suxeitos á obriga de formalizar as declaracións conducentes á incorporación no Catastro Inmobiliario dos inmobles e das súas alteracións, polo que deberá procededer a declarar



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1
15155 FISTERRA (A Coruña)
Telf. 981 740 001
Fax: 981 740 677

as diferenzas advertidas entre o proxecto de segregación e a recollida na información catastral subministrada.

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:10 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretaria, dou fe.